



Área / Unidad MOVILIDAD URBANA MU1100C SVC	Documento 8511AI01NY	
Código de verificación 	Expediente 851/2026/68	
1S55 1Y1G 531D 0H05 0P2S	Fecha 26-08-2026	

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O ANO 2026

I. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA

Base 1. Obxecto e finalidade

Ao abeiro das competencias que lles atribúen aos concellos tanto o art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu Regulamento de desenvolvemento (RD 887/2006), convócanse subvencións para aquelas persoas que sendo titulares dun taxi adaptado para o traslado de persoas con discapacidade, dispoñan dunha licenza de taxi no municipio da Coruña, co obxecto de financiar os gastos de conservación e mantemento dos vehículos durante o exercicio 2026.

Base 2. Réxime xurídico

2.1. Esta convocatoria rexeráse integramente polas presentes bases, pola Ordenanza municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26.02.2008), pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, respectando as demais normas de dereito administrativo que lle resulten de aplicación e axustándose, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Tamén resulta aplicable con carácter supletorio a Ordenanza municipal das bases reguladoras xerais para concesión de subvencións (BOP nº 157 do 16.08.2024).

Así mesmo, as subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria teñen o carácter de axudas *de minimis*, quedando suxeitas ao Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L, do 15.12.2023).

Na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido nas bases de execución 10ª.2.b) e 11ª do orzamento municipal en vigor.

Así mesmo, resulta aplicable a Lei 19/13, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Instrución de transparencia do Concello da Coruña e a Ordenanza municipal



para a igualdade na diversidade aprobada no pleno ordinario do 03.10.2019 (BOP nº 204 do 25.10.2019).

2.2. As bases estarán a disposición das persoas interesadas en:

- sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- páxina WEB do Servizo de Mobilidade Urbana: <https://www.coruna.gal/movilidad>
- páxina WEB do BOP: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>
- Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS): <http://www.infosubvenciones.es>

II. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Base 3. Crédito orzamentario

3.1. O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de trinta mil euros (30.000,00€), gasto imputable á aplicación orzamentaria 41.4412.47901 denominada “outras subvencións a empresas privadas” do orzamento municipal para o exercicio.

3.2. Este crédito é o límite do importe das subvencións que se poden conceder.

Base 4. Límite máximo da subvención para cada actividade ou proxecto

O importe global sinalado na base 3.1 dividirase en partes iguais entre todas as licenzas das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria ata esgotar o crédito existente para esta finalidade, incluídos, no seu caso, os importes suplementados a través de modificacións orzamentarias, e sen que a contía concedida a cada unha das beneficiarias poida superar o importe xustificado coas facturas.

No caso de que a cantidade asignada mediante esta repartición exceda o límite individual subvencionable, os importes restantes volveranse dividir a partes iguais entre as licenzas participantes ata esgotar o crédito orzamentario.

Base 5. Compatibilidade e réxime de *minimis*

5.1. Compatibilidade: Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o importe xustificado como custo.

Se se dá o caso de exceso de financiamento, reintegrarase a cantidade sobranse ás entidades outorgantes en proporción aos importes concedidos por cada unha delas. Con todo, cando sexa o propio Concello quen advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro do importe total do exceso ata o límite da subvención municipal outorgada.

5.2. Réxime de acumulación de *minimis*:

a) A contía total das axudas *de minimis* concedidas a unha mesma persoa beneficiaria non poderá superar os **300.000 euros** durante calquera período de tres anos, de conformidade co establecido no artigo 3.2 do Regulamento (UE) 2023/2831.

b) As axudas *de minimis* concedidas ao abeiro da presente convocatoria poderán acumularse con outras axudas *de minimis* concedidas con arranxo a outros regulamentos *de minimis* ata o límite fixado no apartado anterior. Asimismo, non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos



mesmos gastos subvencionables se dita acumulación dera lugar a unha intensidade de axuda superior á fixada para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

III. GASTOS SUBVENCIONABLES

Base 6. Gastos subvencionables

6.1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña, e se inclúan entre os seguintes:

- a) Gastos de combustible
- b) Gastos de mantemento do vehículo
- c) Gastos de reparación do vehículo
- d) Gastos de seguros do vehículo
- e) Outros gastos correntes coincidentes coa natureza desta convocatoria

Admitiranse facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos efectuados.

As facturas ou documentos xustificativos deberán incluír o número de matrícula do taxi adaptado correspondente.

En todo caso, debe acreditarse de maneira fidedigna no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actuación de que se trate.

Considérase gasto realizado o efectivamente pagado entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

6.2. O custo dos gastos subvencionables non poderá superar o valor de mercado.

6.3. Contratación con persoas ou entidades vencelladas:

En ningún caso poderán contratarse servizos ou subministracións con persoas ou entidades vencellada nos termos descritos no apartado 2 do artigo 68 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, salvo que concurran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice consonte as condicións normais de mercado.
- Que se obteña autorización previa do órgano outorgante, na que se indique con quen e que servizo ou subministración se pode contratar.

6.4. Gastos subvencionables con solicitude previa de ofertas:

De acordo co establecido no art. 31.3 da Lei xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor (15.000,00€, IVE excluído), a persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas características especiais non exista no mercado un número suficiente de entidades que os puidesen realizar, prestar ou subministrar, ou salvo que o gasto se realizase antes de se convocar a subvención.



Das ofertas obtidas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se o gasto fose previo, na solicitude de subvención, elixirase a mellor consonte os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse a elección nunha memoria cando non se elixise a proposta máis vantaxosa desde o punto de vista económico.

6.5. Gastos non subvencionables

6.5.1. Non se subvencionarán os gastos que non se axusten aos conceptos nin aos períodos recollidos nos apartados anteriores, en particular na base 6.1 desta convocatoria. Non son subvencionables os investimentos en bens inventariables nin aqueles gastos incompatibles coa natureza do crédito orzamentario.

6.5.2. En ningún caso serán subvencionables:

- Os custos salariais e cotas da seguridade social, nin de traballadores nin de titulares das licenzas
- As provisións, indemnizacións ou tributos
- Os intereses debedores das contas bancarias
- Os intereses, recargas e sancións administrativas ou penais
- Os gastos de procedementos xudiciais
- Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

IV. REQUISITOS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 7. Requisitos das persoas beneficiarias

7.1. Poderán acceder á condición de beneficiario/a da subvención as persoas e as agrupacións de persoas (físicas e xurídicas), as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, estea validamente constituída e sexa titular dunha licenza de taxi adaptado concedida polo Concello da Coruña para o traslado de persoas con mobilidade reducida ou discapacidade. Nos casos sinalados das agrupacións de persoas, as comunidades de bens ou as unidades económicas ou patrimonios, cada socio e socia, independentemente da súa porcentaxe de participación na sociedade, deberá reunir os requisitos.

Cando se trate de agrupacións sen personalidade xurídica, deberán facer constar na solicitude de subvención os compromisos de execución que asume cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que aplicará cada un/a, pois cada membro adquire a condición de beneficiario/a. En calquera caso, nomearán a unha persoa como representante ou apoderada da agrupación, con poderes suficientes para cumprir coas obrigacións que lle corresponden á agrupación como beneficiaria.

Tanto os compromisos de execución que asume cada membro da agrupación, como o importe da subvención que aplicará cada un/a, faranse constar na resolución de concesión.

Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei xeral de subvencións.

7.2. Requisitos das persoas beneficiarias

Son requisitos esixibles ás persoas beneficiarias, que deberán cumprir na data en que remate o prazo de presentación das solicitudes e manterse durante o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no art. 13 da Lei xeral de subvencións, os seguintes:



Concello da Coruña

- a) Ser titular dun vehículo adaptado para o traslado de persoas con mobilidade reducida ou discapacidade
- b) Ser titular dunha licenza de taxi no municipio da Coruña
- c) Se fose o caso, ter xustificadas as subvencións que o Concello da Coruña lles outorgara, salvo que non tivese rematado o prazo de xustificación
- d) Non estar incurso en causa de prohibición para obter subvencións das que establece o art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o art. 42 da Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade
- e) Estar ao día respecto ao cumprimento das súas obrigas coas administracións tributarias (AEAT, ATRIGA e Concello da Coruña) e cos seus organismos autónomos e entidades de dereito público dependentes, e fronte á Seguridade Social.

De conformidade co art. 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello solicitará as certificacións das administracións tributarias e da Tesourería Xeral da Seguridade Social ao tempo que emite a súa propia, para verificar o cumprimento deste apartado, sempre que a persoa solicitante ou quen a represente non se opoña expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada. No caso de opoñerse, deberán achegar as certificacións acreditativas oportunas.

f) Os demais que esixen a Ordenanza municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de 26 de febreiro de 2008), a Lei xeral de subvencións, a Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade.

V. PROCEDEMENTO: INICIACIÓN

Base 8. Procedemento: Réxime e inicio

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

Base 9. Procedemento: Órgano instructor e órgano competente para a resolución do procedemento

9.1. De acordo co establecido no art. 18 da Ordenanza municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de 26 de febreiro do 2008), a instrución do procedemento correspóndelle á xefatura do servizo municipal que ten atribuída a competencia para a xestión do expediente, polo que actuará como o órgano instructor previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

9.2. O órgano competente para a resolución será a concelleira responsable da Área de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade coa delegación que a Xunta de Goberno Local lle outorgou mediante o acordo adoptado o 04.07.2024 e publicado no BOP núm. 129 do 05.07.2024.

Base 10. Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

10.1. Presentación das solicitudes de subvención

O prazo para presentar as solicitudes será de **15 DÍAS hábiles**, que se computa desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no BOP da Coruña. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As persoas obrigadas a relacionarse coas administracións por medios electrónicos deberán presentar a solicitude a través da sede electrónica do Concello <https://sede.coruna.gal/sede/gl>



Concello da Coruña

As demais solicitudes poderán presentarse igualmente a través da sede electrónica ou ben de xeito presencial no rexistro xeral do Concello, ou por calquera outro medio dos regulados no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.2. Documentación necesaria

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

a) Todas as persoas solicitantes:

- Solicitude (anexo I) cuberta e asinada
- Anexo III, relativo á declaración responsable, que inclúe a declaración de axudas de minimis recibidas nos últimos tres anos, e á autorización da consulta ou obtención de datos por parte do Concello, cuberto e asinado. Cando a persoa asinante se opoña expresamente a que o Concello consulte os datos, deberá achegar os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Concello da Coruña) e fronte á Seguridade Social.
- Certificación dos datos bancarios da persoa solicitante, que deberán corresponder exactamente cos declarados no que respecta ao nome ou denominación social, NIF e número de conta bancaria (en formato IBAN).
- Facturas ou documentos de valor equivalente, así como os que acreditan o pago efectivo, referidos aos gastos subvencionables que se realizaron no vehículo adaptado, nos termos e cos requisitos que esixe esta convocatoria.

b) As persoas xurídicas, ademais:

- NIF da entidade solicitante
- Acreditación da representación
- Estatutos e/ou escritura de constitución da entidade, así como acreditación da súa inscrición no rexistro

10.3. No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, segundo establece o art. 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será preciso achegalos, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia na que se presentaran ou emitiran, e sempre que non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento referido, debendo presentar a declaración recollida no Anexo II.

No suposto de imposibilidade material para obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou á súa representante que achegue o documento ou acredite por algún outro medio o esixido na convocatoria, sempre antes de que se formule a proposta de resolución.

10.4. Os datos requiridos nos "anexos" son de consignación obrigatoria e poderanse ampliar achegando a documentación que a persoa solicitante considere oportuna para facilitar a valoración da súa solicitude.

10.5. O/a solicitante autoriza ao Concello e, en particular, ao Servizo de Mobilidade Urbana, a verificar os datos declarados e a pedir outros novos que puidesen afectar ás condicións da subvención. Se coas comprobacións aflorasen datos distintos aos manifestados, que afectasen á concesión da subvención, tomaranse as medidas precisas para corrixir a decisión adoptada e, se fose preciso, reparar o prexuízo causado, con independencia do procedemento de reintegro que proceda tramitar ao abeiro do art. 37 da Lei xeral de subvencións.

Base 11. Procedemento: Instrución



11.1. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos que servirán de base á proposta de resolución.

11.2. De acordo co establecido no art. 24.3 da Lei xeral de subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Solicitar os informes que estime necesarios para resolver ou que esixan a convocatoria específica e demais normativa aplicable.
- b) Avaliar as solicitudes de acordo cos criterios, normas e prioridades establecidas na norma reguladora da subvención ou na convocatoria.

11.3. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, incluíndo defectos, erros ou ausencias nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de DEZ días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistida da súa solicitude, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11.4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderase requirir á persoa, entidade ou agrupación solicitante que achegue a información ou a documentación aclaratoria ou complementaria que se considere conveniente para a definición, avaliación e comprobación correctas da solicitude presentada.

Base 12. Procedemento de concesión

Unha Mesa de avaliación examinará as solicitudes presentadas. A concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade nomeará os membros da Mesa, que deberán contar con capacitación, competencia e preparación adecuadas, equilibrando a presenza de ambos sexos e asegurando unha representación feminina de a lo menos o 40%.

A composición da Mesa de avaliación será a seguinte:

Presidencia: persoa que ocupe a Xefatura de Servizo de Mobilidade Urbana ou quen a substitúa nas súas funcións.

Vogal: empregada/o municipal dos subgrupos A1/A2 con adscrición á Concellaría responsable da convocatoria.

Secretaría: funcionario/a de carreira pertencente aos subgrupos A1, A2, C1 ou C2 con adscrición á Concellaría de Infraestruturas e Mobilidade.

En caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de avaliación, substituiraa a persoa funcionaria que a concelleira designe.

A Mesa de avaliación, a través do órgano instructor, poderá requirirles aos/ás solicitantes a información ou documentación adicional aclaratoria que non estea en poder da administración municipal e que teña relación directa e relevancia para facilitar a valoración.

As solicitudes, xunto coa documentación, dirixiranse ao Servizo de Mobilidade Urbana, onde se analizarán e desde onde se requirirá, se fose necesario, a súa emenda.

Unha vez examinadas as solicitudes, a Mesa de avaliación emitirá un informe no que concretará o resultado da súa análise.

Base 13. Proposta de resolución provisional



13.1. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Mesa de avaliación, formulará a proposta provisional, debidamente motivada, que deberá notificárselles ás persoas solicitantes mediante un anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello, así como na páxina WEB municipal, outorgándolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

13.2. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non consten no procedemento nin se teñan en conta outros feitos nin outras alegacións nin probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

13.3. A proposta de resolución provisional non lle outorga á persoa beneficiaria ningún dereito fronte á administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

Base 14. Proposta de resolución definitiva

14.1. O órgano instructor, á vista do expediente e da documentación presentada, formulará proposta de resolución definitiva, debidamente motivada, que deberá indicar a persoa solicitante ou relación de solicitantes e números de licenza para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía, e publicarase ou notificárselles ás persoas propostas como beneficiarias na fase de instrución, para que no prazo de **TRES días naturais** comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instructor. Transcorrido este prazo sen producirse unha aceptación expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

14.2. O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito fronte á administración a favor da persoa proposta mentres non se lle notifique a resolución da concesión.

VII. PROCEDEMENTO: RESOLUCIÓN

Base 15. Resolución

Logo de ver as subvencións que constan na proposta de resolución definitiva e que se tivesen aceptado, de xeito expreso ou tácito, o órgano competente resolverá o procedemento.

O acordo de resolución da convocatoria incluírá, ademais da relación de persoas solicitantes e licenzas ás que se lles concede a subvención, unha relación ordenada de todas as solicitudes que se desestiman, con indicación da razón da denegación de cada unha delas, en función dos requisitos previstos nas bases de convocatoria.

Se renunciase á subvención algunha das persoas beneficiarias, o órgano outorgante poderá acordar repartir a contía sobranter entre o resto das licenzas participantes ata esgotar o importe máximo subvencionable.

15.1. Notificación da resolución

A resolución do procedemento notificárselles ás persoas interesadas de acordo co previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. De conformidade co disposto no art. 45.1 b), ao tratarse dun procedemento de concorrencia, a notificación poderá substituírse pola publicación no BOP da Coruña, resultando os mesmos efectos.

O prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións é de tres meses, contados a partir da data de publicación da convocatoria. O período utilizado para a corrección de deficiencias



e achega de documentos interromperá este prazo, ao abeiro do art. 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O vencemento do prazo máximo sen notificarlles a resolución, lexítima ás persoas solicitantes para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de subvención.

A concesión da subvención non xera ningún dereito á percepción desta axuda en futuras convocatorias.

15.2. Información explícita do réxime *de minimis*:

No acto ou resolución administrativa de concesión informarase de forma explícita e por escrito á persoa beneficiaria do importe final concedido expresado en equivalente de subvención bruta (ESB), así como do seu carácter de **axuda de minimis**, facendo referencia expresa ao **Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023**, para a súa debida constancia e xustificación ante outros órganos outorgantes.

Base 16. Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

16.1. A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa.

16.2. No caso de non estar conforme coa resolución ditada poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición diante do mesmo órgano que a ditou, ou ben impugnala directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. No primeiro suposto, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva de forma expresa ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición presentado.

O prazo para presentar o recurso de reposición será de **UN MES** desde o día seguinte ao da recepción da notificación/publicación da resolución expresa. Transcorrido este prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se non existise unha resolución expresa, as persoas solicitantes e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación da súa solicitude por silencio administrativo.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será de un mes. Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo o mesmo recurso.

VIII. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 17. Obrigas das persoas beneficiarias

De acordo co establecido no art.14 da Lei xeral de subvencións e no art. 7 da Ordenanza municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana, as persoas beneficiarias da subvención obxecto desta convocatoria, estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- c) Comunicar por escrito e de xeito motivado, no prazo máximo de un mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención, calquera modificación producida nos datos substanciais declarados.



- d) Proporcionar ao departamento xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
- e) Facilitar a verificación da realización do gasto subvencionado a calquera responsable da xestión ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis adecuados.
- f) Comunicar ao órgano outorgante a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto de comprobación e control.
- h) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos en que proceda.
- i) As demais obrigas previstas na Ordenanza municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana, na Lei xeral de subvencións, na Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade.

IX. COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Base 18. Comprobación das subvencións concedidas

18.1. O órgano outorgante comprobará a correcta xustificación da subvención, o que determinará a súa concesión e aproveitamento.

18.2. A persoa beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle poidan requirir tanto o servizo xestor como a Intervención Xeral e os órganos competentes na censura de contas.

18.3. Criterios e documentación xustificativa

En relación co proceso de xustificación dos gastos aplicaranse os seguintes criterios e presentaranse a documentación adicional que se indica:

a) O gasto xustificarse con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa. O xustificante deberá incluír o número de matrícula do taxi adaptado.

A factura ou documento de valor equivalente deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, que regula as obrigas de facturación.

Para cumprir co disposto no art. 73 do Regulamento da Lei xeral de subvencións en relación coa validación e selado dos xustificantes de gasto, a dilixencia que se estenda indicará que *“a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Servizo de Mobilidade Urbana do Concello da Coruña”*.

Por tanto, no caso de presentar copias compulsadas, antes de facer a fotocopia, deberá estenderse no orixinal da factura a dilixencia indicada no parágrafo anterior.

b) No caso de que a subvención outorgada se destine a retribuír servizos prestados por persoas físicas, a entidade beneficiaria está obrigada a efectuar as retencións que lles correspondan en concepto de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), cos límites e excepcións que establece a indicada Lei 35/2006 e o Regulamento do imposto, así como o resto das disposicións regulamentarias en vigor.



Concello da Coruña

Acreditarase o cumprimento desta obriga coa presentación dos modelos 111 (declaración trimestral) e 190 (resumo anual) da AEAT.

c) Co fin de acreditar a aplicación do artigo 31.3 da LXS, se é o caso, achegaranse os tres presupostos recibidos. Será obrigado para a subministración de bens de equipo e prestacións de servizos que superen os 15.000 euros (IVE excluído).

18.4. Acreditación do pago efectivo

Só se considera gasto realizado o que fose pagado durante o período de vixencia establecido na convocatoria.

Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 200 euros, co IVE incluído. No caso de que o pago dun servizo se fraccionase en varios prazos, o límite de 200 euros entenderase referido á suma dos pagos fraccionados, debendo acreditarse o importe cobrado a través dun recibo no que se identifique a factura; ou ben a persoa perceptora, mediante declaración, co seu NIF e sinatura, acreditar o importe e a data do pago efectivo.

Os gastos que superen os 200 euros, co IVE incluído, pagaránse mediante transferencia ou domiciliación bancaria e o pago poderá acreditarse coa cartilla da entidade financeira, un extracto da conta, debo ou movemento bancario, a propia orde de transferencia ou o xustificante de ingreso efectivo na conta bancaria da persoa destinataria dos fondos. Cando o pago se realice con talón ou cheque nominativo, acompañarase unha copia do documento co *recibín* da persoa interesada xunto co extracto ou movemento bancario que acredite que o pago se fixo efectivo.

Todos os gastos relacionados coa finalidade da subvención pagaránse, preferentemente, desde a mesma conta bancaria pertencente á beneficiaria, sen que poidan subvencionarse os gastos pagados a través de contas de terceiras persoas.

Tamén se considerará realizado o pago coa cesión do dereito de cobro da subvención á persoa acreedora por razón do gasto realizado ou cun efecto mercantil que estea garantido por unha entidade financeira ou aseguradora.

Base 19. Información estatística adicional

As persoas beneficiarias das subvencións deberán achegar a información estatística que o Concello lles requira sobre o resultado da actuación subvencionada. A petición de datos poderá versar sobre indicadores de avaliación que o Concello estableza para ese efecto.

X. PAGO DAS SUBVENCÍONS

Base 20. Pago das subvencións

20.1. De acordo co establecido no art. 34 da Lei xeral de subvencións e no art. 44 da Ordenanza municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47 do 26.02.2008), o pago da subvención concedida realizarase despois de xustificar o gasto realizado nos termos previstos na normativa sobre subvencións.

20.2. O pago realizarase mediante ingreso do importe total concedido na conta bancaria reflectida na solicitude.

XI. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS



Base 21. Reintegro das subvencións concedidas

21.1. Perderase o dereito á cobranza total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou cando concorran algunha das causas de reintegro previstas nos artigos 37 da Lei xeral de subvencións e 47 da Ordenanza municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47 do 26.02.2008).

21.2. Conforme dispón o art. 46 da Ordenanza municipal das bases reguladoras xerais para concesión de subvencións (BOP nº 157 do 16.08.2024), cando o cumprimento por parte da persoa beneficiaria ou, se é o caso, da entidade colaborador, se aproxime de modo significativo ao cumprimento total, e se acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía do reintegro virá determinada pola aplicación do criterio único de gradación de posibles incumprimentos, que será a porcentaxe de cumprimento ou incumprimento respecto ao orzamento total da actividade ou proxecto subvencionado, debendo reintegrarse a porcentaxe correspondente á cantidade abonada e non xustificada.

Base 22. Causas do reintegro das subvencións concedidas

22.1. O Concello da Coruña obrigará a reintegrar total ou parcialmente as cantidades percibidas e esixirá o xuro legal do diñeiro que resulte de aplicación desde o momento do abono da subvención ata a data do reintegro, ademais de nos casos indicados no apartado anterior, cando concorran algunha das circunstancias seguintes:

- a) Incumprimento total ou parcial dos obxectivos, da actividade ou proxecto, ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- b) Incumprimento total ou parcial do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no art. 30 da Lei xeral de subvencións.
- c) Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión contidas no art. 18.4 da Lei xeral de subvencións e ao que se refire a presente convocatoria.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos, nos termos que se establecen no art. 50 da Ordenanza municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47 do 26.02.2008).
- e) Incumprimento dos deberes establecidos con motivo da concesión da subvención.
- f) Calquera outra causa das previstas no art. 32 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no art. 50 da Ordenanza municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47 do 26.02.2008).

22.2. Así mesmo, reintegrarase o exceso cando, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións, entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía total das subvencións ou axudas supere o custo total da actividade ou proxecto de que se trate.

22.3. O procedemento para o reintegro será o establecido nos artigos 41 e 42 da Lei xeral de subvencións e no art. 9 e seguintes do Regulamento xeral de subvencións.

22.4. Durante a tramitación do procedemento de reintegro, deberá garantirse o dereito da persoa interesada ao trámite de audiencia.

22.5. En calquera momento a persoa beneficiaria poderá desistir da súa solicitude ou renunciar á concesión da subvención, sen prexuízo de que proceda esixirlle algunha responsabilidade e/ou a devolución do importe cobrado previa instrución do procedemento de reintegro citado.



XII. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Base 23. Infraccións e Sancións

23.1. Constituirán infraccións en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei xeral de subvencións e na normativa que a desenvolve.

23.2. Poderán impoñerse as sancións tipificadas nos artigos 59 a 63 da Lei xeral de subvencións mediante a instrución do procedemento sancionador previsto nos artigos 52 a 58 e 66 a 69 da citada Lei. O órgano competente para resolver o procedemento será o mesmo que teña atribuída a competencia para resolver a concesión e o abono da subvención.

XIII. COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES E RECURSOS

Base 24. Competencia

24.1. Segundo dispón o art. 127 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a aprobación das bases correspóndelle á Xunta de Goberno Local, quen a delegou na concelleira responsable de Infraestruturas e Mobilidade mediante o acordo de data 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024). Contra a resolución de aprobación das bases, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer, con carácter potestativo, e no prazo de un mes, un recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou a decisión, ou ben interpoñer directamente, no prazo de dous meses, un recurso contencioso-administrativo diante do xulgado da xurisdición contencioso-administrativa. Nos dous casos computarase o prazo desde o día seguinte ao da publicación no BOP da resolución de aprobación das bases.

24.2. Ostentar a competencia para aprobar as bases implica dispor de atribucións para:

- a) Interpretar e desenvolver o establecido nas bases, corrixir os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no texto, de acordo co establecido no art. 109.2 da 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Ampliar o crédito destinado á convocatoria conforme ao previsto na base 3.3, sempre que exista crédito axeitado e suficiente.
- c) Realizar cantos actos, trámites ou xestións se precisen para a execución e o bo fin do establecido nas bases.

XIV. TRANSPARENCIA

Base 25. Datos de carácter persoal

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais que faciliten as persoas solicitantes rexistraranse nun ficheiro de titularidade do Concello da Coruña co obxecto de xestionar este procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderanse exercer a través dos rexistros nos termos que establecen os artigos 13, 14, 15 e 18 da lei citada.

Base 26. Transparencia

Segundo prevén a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o art. 15.2. c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a relación provisional e definitiva de persoas beneficiarias da subvención publicaranse no taboleiro de edictos e



Concello da Coruña

nas páxinas WEB do Concello (Servizo de Mobilidade Urbana), polo que o feito de presentar a solicitude implica autorizar a publicidade referida, previa a disociación dos datos prevista na normativa de aplicación.

Segundo prevén os artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) calquera información que requira. Como mínimo, comunicaráselle o texto íntegro da convocatoria para que a publique e un extracto do seu contido para publicar no BOP da Coruña.

Na data e hora da sinatura dixital,
O xefe de Departamento de Mobilidade



ANEXO I SOLICITUDE

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2026

SOLICITANTE		
Nome e apelidos/Denominación social:		
NIF:	Enderezo/Domicilio social:	
Código postal:	Localidade:	Provincia:
Nº Tfno.:	Correo-e:	
REPRESENTANTE LEGAL (se é o caso)		
Nome e apelidos:		NIF:
En calidade de (cargo directivo):		

* No caso das comunidades de bens, sociedades civís e agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, a porcentaxe de participación de cada un dos membros:

Nome e apelidos	Porcentaxe

En relación co procedemento denominado CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2026

- SOLICITA que se lle conceda unha subvención de_____ euros para:
- ACHEGA todos os documentos requiridos na convocatoria e da fe da súa veracidade
- DECLARA que cumpre todos os requisitos esixidos nas bases e na normativa de referencia.

(Asinado)



ANEXO II

DOCUMENTACIÓN EN PODER DO CONCELLO

SOLICITANTE		
Denominación ou razón social:		
NIF:	Domicilio social:	
Localidade:	Provincia:	Código postal:
REPRESENTANTE LEGAL (se é o caso)		
Nome e apelidos:	NIF:	
En calidade de (cargo directivo):		

En relación co procedemento administrativo denominado CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2026, **DECLARO:**

Que a seguinte documentación relativa á persoa solicitante xa consta no Concello da Coruña presentada nas datas e nas dependencias que se indican e que non se modificou nin transcorreu o seu prazo de validez (5 anos desde a finalización do procedemento ao que corresponda)

[Marcar cun [X] o que corresponda]

- ☐ Certificación expedida pola entidade financeira relativa á titularidade da conta de ingreso identificada mediante a referencia IBAN
- ☐ Número de identificación fiscal (NIF)
- ☐ Acreditación da representación no caso de que se actúe por medio de representante legal

Documento	Data de presentación/emisión	Órgano ou dependencia
Certificación de titularidade da conta bancaria para o ingreso (indicar IBAN):		
NIF da entidade:		
Poder de o/a representante		

(Asinado)



ANEXO III DECLARACIÓN RESPONSABLE

SOLICITANTE			
Denominación ou razón social:			
NIF:	Domicilio social:		
Localidade:	Provincia:	Cód. Postal:	Nº Tfno.:
REPRESENTANTE LEGAL			
Nome e apelidos:		NIF:	
En calidade de (cargo directivo):			

En relación co procedemento administrativo denominado CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTENIMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2026, **DECLARO**:

1. Respecto de non incorrer nas prohibicións que se relacionan nos apartados 2 e 3 do art. 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria de subvencións:

- a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso nin ter sido declarada insolvente en calquera procedemento, non atoparse declarada en concurso nin estar suxeita a intervención xudicial ou ter sido inhabilitada conforme á Lei concursal sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non ter dado lugar, por causa da que fose declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato formalizado coa administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, a administradora da sociedade mercantil, quen ostente a representación legal doutras persoas xurídicas ou calquera dos membros de comunidades de bens ou outras agrupacións de persoas nalgún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño de réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- f) Non ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal.
- g) Non ter pendente o pago de obrigacións por reintegro de subvencións.
- h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- i) Cumprir co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

2. Respecto doutras subvencións relacionadas co obxecto da subvención solicitada:

- ☐ NON OBTIVEN ningunha subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou privados, ou de particulares, nacionais ou internacionais.



Concello da Coruña

- ☐ SI, OBTIVEN as subvencións seguintes doutras administracións públicas, entes públicos ou privados, ou de particulares, nacionais ou internacionais (marque cun SI na columna de *minimis* se a axuda estaba suxeita a este réxime:

Entidade	Concepto	Contía concedida	Suxeito a <i>minimis</i>
Total			

3. Respecto da obtención de datos:

- ☐ NON AUTORIZO ao Servizo de Mobilidade Urbana do Concello da Coruña a comprobar os datos de carácter fiscal que obren nas bases ou ficheiros de datos das administracións públicas.
- ☐ SI, AUTORIZO ao Servizo de Mobilidade Urbana do Concello da Coruña a obter os certificados acreditativos de estar ao corrente das obrigas coa AEAT (asino o Anexo IV), coa Seguridade Social e co Concello, co fin exclusivo de levar a cabo a tramitación, o pagamento, o seguimento e o control no marco do procedemento derivado da miña solicitude.

Coñezo que a información facilitada pode resultar obrigatoria para a xestión e tramitación do expediente, e comprométome a comunicarlle ao Servizo de Mobilidade Urbana no prazo mais breve posible calquera variación dos datos manifestados, co fin de actualizalos. O Servizo de Mobilidade Urbana, en tanto non se lle comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e están actualizados.

Entendo que a persoa acreditada como representante legal ou calquera outra persoa interesada poderá exercer os dereitos que a asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Concello da Coruña.

Unha vez advertida das responsabilidades legais nas que poido incorrer por falsidade en documento administrativo e das posibilidades que existen de que se me esixa o reintegro da subvención máis os xuros de mora xerados desde o ingreso, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente sancionador, asino esta declaración.

(Asinado)



ANEXO IV

AUTORIZACIÓN DA PERSONA INTERESADA PARA QUE O CONCELLO DA CORUÑA OBTENGA DATOS PERSOAIS A TRAVÉS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA (AEAT)

A/s persoa/s asinantes autoriza/n ao CONCELLO DA CORUÑA a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) no marco do procedemento administrativo denominado CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2026 (expediente 851/2026/68) a información relativa a:

☒ Estar ou non ao corrente das obrigas tributarias

(Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos do recoñecemento, seguimento e control dos requisitos establecidos no procedemento administrativo de referencia e en aplicación do disposto no art. 95.1.k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permite, previa autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para desenvolver as súas funcións.)

A.- PERSOA INTERESADA

NIF

Apelidos e nome/Denominación

B.- PERSOA QUE AUTORIZA

(só para persoas xurídicas ou entidades ás que alude o art. 35.4 da Lei xeral tributaria)

NIF

Apelidos e nome

en calidade de (cargo que ocupa)

Interesada

Autoriza

(Asinado)

(Asinado)

NOTA: A autorización concedida ao asinar esta declaración pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello da Coruña.

NORMATIVA:

- Artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- Artigo 2.4 da Orde do 18 de novembro de 1999 pola que se regula a subministración de información tributaria ás administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións, así como os supostos contemplados no artigo 113.1 (actual 95.1) da Lei xeral tributaria.